

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE XULLO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de xullo do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro, D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 8 DE XULLO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 8 de xullo do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 18 DE XULLO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en

épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.461.- A "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012, S.L.", con enderezo na estrada Lanzada-Balea, nº 65-O Grove, en solo urbano residencial, regulado pola ordenanza 5 URLI, para na estrada do Peirao de Aldán, construír un edificio para 11 vivendas, composto de 346,56 m²., de soto, 297,22 m²., de planta baixa, 314,05 m²., de primeiro andar, 305,05 m²., de segundo andar e 303,36 m²., de aproveitamento baixo cuberta, de conformidade co proxecto básico visado o 15 de novembro do 2012.

A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ó cumprimento das seguintes condicións:

Deberá presentar documento de cualificación empresarial do contratista, proxecto de execución visado e oficios co nomeamento do director de obras e de execución destas mesmas e coordinador de seguridade e saúde.

Cumprirá co sinalado pola Lei 9/2002, de ordenación urbanística, modificada pola Lei 2/2010, no referente ós materiais a empregar nos núcleos de poboación.

Formalizarase perante Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Deberá presentar a cesión e aval, polo que unha vez cumprimentados estes requisitos, emitirase nova resolución pola X.G.L.

2.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.649.- O tramitado a instancia de "AGUSTÍN POUSADA, S.L.", con enderezo na Avda. de Lugo, nº 19-baixo-Coiro, para na Avda. Concepción Arenal, nº 29- Coiro, para conservación e mantemento de fachadas e medianeiras dun edificio, denégaselle, xa que existe unha sentenza do TSX de Galicia recaída no procedemento 02/5211/1997, que confirma a Resolución de Alcaldía de data 17-03-97 que obriga á demolición do ático obxecto de expediente de infracción nº 142/97, sen que no día de hoxe dita sentenza fora executada.

EXPEDIENTE Nº 24.637.- O tramitado a instancia de Pablo Angel Carrillo, con enderezo na rúa Xosé Alexandre Cribeiro, nº 10-4°C-Cangas, para a construción de

unha barbacoa en Pinténs-O Hío, denégaselle por incumprir as determinacións do art. 42 e 44 da LOUGA.

Así mesmo solicita a instalación dunha mesa, para o cal non é necesaria licenza municipal.

2.A.3) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.552.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove Antonio Fernández Chapela, con enderezo en San Blas, nº 92-Darbo, e que consiste nunha división en 4 parcelas netas: nº 1 de 441,98 m²., nº 2 de 460,10 m²., nº 3 de 743, 36 m²., nº 4 de 709, 42 m²., e outras catro parcelas de cesión, nº 5 de 37,09 m²., nº 6 de 14,62 m²., nº 7 de 31,96 m²., e nº 8 de 28,32, procedentes de un predio matriz de 2.4166,85 m²., sita en San Blas-Darbo.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 1.382/10 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 1.382/10.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR "FREIRE CASADO, S.L.L."

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a carnicería-charcutería, sito en Rúa San Xosé, nº 34-baixo-Cangas, peticiónada por "Freire Casado, S.L.L.", con enderezo no referido lugar, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 12 de xullo do 2013.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentada, visado con data 22 de marzo do 2013.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº 5, 6, 7 e 8.

Terceiro.- Aprobar a liquidación efectuada en concepto de taxa pola tramitación do expediente.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.559.- A María del Pilar Gutiérrez Alonso, con enderezo en Lapiña, nº 7-Nerga, para en Pinténs, nº 17-O Hío, conservar unha caseta nunha superficie de 20,00 m2., e construír un cerramento de 23,50 ml., de conformidade co proxecto de abril do 2013, e as condicións impostas pola Deputación Provincial de Vías e Obras de data 5 e 27 de xuño do 2013.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 11 de xullo do 2013.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.679 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.679.- A María Luisa Martínez Álvarez, con enderezo na Choupana, nº 9-Darbo, para no referido lugar reparar un faldón da cuberta da vivenda nunha superficie de 10,60 m²., de a conformidade co proxecto de maio do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mántemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para os efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.682 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.682.- A Joaquín Soliño Cordeiro, con enderezo nas Barreiras, nº 23- Darbo, para no referido lugar, cambiar o material de cubrición da cuberta da vivenda nunha superficie de 108,35 m²., de conformidade co proxecto de maio do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.608 E Nº 1.665/13.- A José María Pérez García, con enderezo en Pedra Alta, nº 24-Cangas, para na Praza do Progreso, nº 2-baixo-Cangas, reformar un baño e pintar interiormente o local nunha superficie de 150,00 m²., para unha perruquería de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e

lixureza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

Non se poderá comezar a actividade mentres non se efectúe polo técnico municipal e xefe local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederá a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.478/11.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR ITZIAR MAGDALENO PAZÓ.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a comercio de venda polo miúdo de complementos, sito na Rúa San Xosé, nº 3-baixo-Cangas, peticiónada por Itziar Magdaleno Pazó, con enderezo na Rúa Arrecife, nº 12-D-4º-C-Cangas, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 10 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederá a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.560/12.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR "HOSTELERÍA SAN CIBRÁN 22, S.L."

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a hostelería con venda de produtos de panadería e pastel, sito na Rúa Real, nº 11-Cangas, peticiónada por "Hostelería San Cibrán 22, S.L.", con enderezo en San Cibrán 22-Aldán, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 12 de setembro do 2012.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou

no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 1.647/13 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 1.647/13.- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR FERNANDO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento dedicado a carnicería-charcutería, sito en Félix Soage, nº 7-baixo-Cangas, peticiónada por Fernando Rodríguez González, con enderezo na Avda. de Bueu, nº 28-4ºF- Cangas, tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 12 de xullo do 2013.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo, polo que, en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase a revisar a licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecer a seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o concello carga de indemnización ningunha.

SUBVENCIONS

3º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS-2013.

Vista a proposta de data 18.7.13 da concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e conductas adictivas, que di o seguinte:

"Solicitude de subvención á Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e conductas adictivas promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia-2013.

Publicada no DOG nº 132 de data do 12 de xullo do 2013, a Orde do 11 de xullo do 2013 da Consellería de Sanidade, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e conductas

adictivas promovidos por concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria.

Unha vez que o Concello de Cangas leva desenvolvendo un proxecto de prevención de drogodependencias orientado ó fomento de estilos de vida saudables, desde o ano 1997, que se vai modificando e ampliando ás necesidades e ás avaliacións que se fan deste dun xeito satisfactorio e está inscrito no rexistro de entidades colaboradoras do Plan de Galicia sobre Drogas co número: SA463D 2005/2.

Redactado o proxecto de prevención de drogodependencias e conductas adictivas no eido local Concello de Cangas, polo técnico municipal en prevención, Alberto Casqueiro Iglesias e cun orzamento total de 47.514,45 euros.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto redactado polo técnico municipal en prevención, Alberto Casqueiro Iglesias: Proxecto de prevención de drogodependencias e conductas adictivas no eido local Concello de Cangas, cun orzamento total de CORENTA E SETE MIL CINCOCENTOS CATORCE CON CORENTA E CINCO (47.514,45) euros.

Segundo.- Solicitar unha axuda á Consellería de Sanidade ó abeiro da Orde do 11 de xullo, polo importe de CORENTA E SETE MIL CINCOCENTOS CATORCE CON CORENTA E CINCO (47.514,45) euros, para desenvolver as seguintes actividades que se inclúen no proxecto de prevención de drogodependencias e conductas adictivas no eido local Concello de Cangas:

1.- Prevención do consumo de drogas no ámbito educativo.

Gastos de persoal: 8.302,90 euros.

Intervención socioeducativa na aula.

2.- Non pasa nada, ¿pasa algo?.

Gastos de persoal: 4.151,45 euros.

Materiais: 300 euros.

3. Máis que un teito.

Gastos de persoal: 8.302,90 euros.

Servizo de gardería: 3.000 euros.

Materiais: 500 euros.

4. En familia todos contan.

Gastos de persoal: 4.151,45 euros.

Servizo de gardería: 1.000 euros.

Materiais: 200 euros.

5. Entre todos.

Gastos de persoal: 2.075,70 euros.

6. Activa. Noites de palangre. *Gastos de persoal: 4.151,45 euros.
Materiais: 500 euros.*
7. Cambio de sentido. *Gastos de persoal: 2.075,70 euros.*
8. Ao alcance. *Gastos de persoal: 4.151,45 euros.
Materiais: 500 euros.*
9. Penélope. *Gastos de persoal: 2.075,70 euros.*
10. *Actividades transversais de información, sensibilización e formación.* *Gastos de persoal: 4.151,45 euros.*

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario que se sinalan no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Declarar que para o desenvolvemento do proxecto de prevención de drogodependias e condutas adictivas no Eido Local Concello de Cangas, non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Quinto.- Autorizar á Consellería de Sanidade a consulta dos datos de identidade do solicitante no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Sexto.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, Jose Enrique Sotelo Villar, con DNI 35.285.495-N, para a sinatura dos documentos necesarios para a tramitación da presente solicitude de subvención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependias e conductas adictivas.

4º.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FEMP PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA "SERVIZO RESPONSABLE".

Dase conta de proposta de data 22.7.13 da concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á FEMP, para a posta en marcha do programa "Servizo Responsable", que di o seguinte:

"SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FEMP PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA 'SERVIZO RESPONSABLE'.

Visto o escrito remitido pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), no que se fai constar que co obxecto de seguir fomentando as actuacións de prevención no ámbito das drogodependencias, o Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais e Igualdade e a FEMP subscribiron para o ano 2013 un convenio de colaboración e que no marco deste acordo a FEMP publica as bases de axudas económicas a entidades locais dirixidas á posta en marcha do programa 'Servizio Responsable', e cuxo principal obxectivo é a promoción do lecer seguro, saudable, responsable e de calidade.

Redactado o proxecto denominado 'Lo paso bien, no me paso', polo técnico municipal en prevención, Alberto Casqueiro Iglesias, cun importe total de 10.000,00 euros.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar o proxecto denominado 'Lo paso bien, no me paso', redactado polo técnico municipal en prevención, Alberto Casqueiro Iglesias, cun importe total de DEZ MIL (10.000,00) euros.

Segundo.- Solicitar unha axuda polo importe de OITO MIL CINCOCENTOS (8.500,00) euros, para desenvolver o proxecto denominado 'Lo paso bien, no me paso'.

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas para a posta en marcha do programa servizo responsable, non solicitou ningunha axuda ou subvención de entidade pública ou privada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Sanidade e Servizos Sociais, referente a solicitude de subvención á FEMP, para a posta en marcha do programa "Servizio Responsable".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

5.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario

da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
MANUEL GIRÁLDEZ CASTRO DNI Nº 35.265.634-X	Paseo Marítimo, nº 7-1º-Rodeira-Coiro.	Paseo Marítimo, nº 7-1º-Rodeira-Coiro.

5.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E DNI	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
MIGUEL RODRÍGUEZ DÍAZ Administrador da "Comunidade de Propietarios Plaza de Andalucía 3"	Noria, nº 4-Cangas.	Praza de Andalucía, nº 3-Cangas. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 616, concedido en X.G.L. de data 26.1.07 ó solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.
MIGUEL RODRÍGUEZ DÍAZ Administrador da "Comunidade de Propietarios Plaza de Andalucía 4"	Noria, nº 4-Cangas.	Praza de Andalucía, nº 4-Cangas. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 611, concedido en X.G.L. de data 30.11.06 ó solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

5.A.3) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

5.A.3.a) SOLICITUDE DE ANTONIO DIZ RODRÍGUEZ.

Visto o escrito presentado en data 12.7.13 por ANTONIO DIZ RODRÍGUEZ, DNI nº 34.599.851-P, con enderezo na Avda. Alcalde Portanet, nº 20-9º-G-Vigo, no que

demanda a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 832 autorizado para a entrada da vivenda sita en Baixada a Francón, nº 10-Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade co artigo 2.3 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

TERCEIRO.- De conformidade cos condicionandos dos apartados primeiro e segundo do presente acordo, conceder ó Sr. Diz Rodríguez, a baixa do sinal de pasaxe permanente nº 832, sito no lugar de Baixada a Francón, nº 10-Aldán, condicionado á devolución do sinal no Departamento de Tesourería.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado, e ós departamentos de Tesourería e Xestión de Ingresos Municipal.

5.A.4) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE.

5.A.4.a) SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a CONCEPCIÓN MILLÁN RIVEIRO.

Visto o escrito presentado en data 4.7.13 por M^a CONCEPCIÓN MILLÁN RIVEIRO, DNI nº 35.278.926-P, con enderezo na Rocha, nº 29-San Pedro-Darbo, no que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente na entrada de local comercial sito na Avda. de Vigo, nº 97-99-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar á Sra. Millán Riveiro, a solicitude de instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar da Avda. de Vigo, nº 97-99-Cangas, porque a entrada en cuestión é dun baixo comercial e non é para entrada e saída de carruaxes.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

5.A.4.b) SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a DEL CARMEN BUDIÑO VARGAS.

Visto o escrito presentado en data 6.5.13 por M^a DEL CARMEN BUDIÑO VARGAS, DNI nº 78.735.691-K, con enderezo no Peirao, nº 15-Aldán, no que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente na entrada da súa vivenda sita no referido lugar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar á Sra. Budiño Vargas, a solicitude de instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar do Peirao, nº 15-Aldán, porque o lugar en cuestión non conta con portal de garaxe nin entrada a finca.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

5.B) INFORME DA POLICÍA S/PASAXE PERMANENTE EN 2^a TRAVESÍA DE RODEIRA.

_____Dase conta de informe emitido en data 15.7.13 pola Policía Local, referente a sinal de pasaxe permanente existente en 2^a travesía de Rodeira, que di o seguinte:

"Nº REX: 1542/13

ASUNTO: pasaxe Permanente de Bernardino (Gasolineiro) 2^a trav. de Rodeira.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052016 ,052019 e A-052015 , por medio do presente, informan:

Que sendo as 22:30 horas do día da data,recibiuse unha chamada de Bernardino, (o gasolineiro), comunicando que non podía saír do seu domicilio co vehículo posto que tiña un coche diante do garaxe.

Que cando chegamos ata o lugar, xa non estaba o turismo.

Postos en contacto co Dº Bernardino, nos comentou que non lle aparcan diante do seu vado, senón que o fan enfronte, pero no lle da a manobra para saír co vehículo.

O fronte do pasaxe permanente de Dº Bernardino hai outro vado, pero, non se lle ve o nº e está bastante deteriorado, polo que supoñemos que está anulado, comentándonos Dº Bernardino que deixárono de usar fai bastante tempo.

Por parte dos axentes, créese que se debería sinalizar tanto vertical como horizontalmente unha zona de prohibido estacionar na outra marxe da rúa, diante do vado do Sr. Bernardino para que este non teña problemas para poder entrar e saír do seu garaxe, posto que debido a que a rúa o ser tan estreita cando estaciona un vehículo no outro marxe da rúa, non poden acceder ou saír do garaxe."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido pola Policía Local, para proceder á sinalización vertical e horizontal na zona da 2ª travesía de Rodeira.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

5.C) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE PASO DE PEÓNS EN RÚA CARLOS CASARES-O ESPÍRITO SANTO.

Vista a solicitude presentada en data 10.7.13 por PABLO AVILÉS DIZ, con enderezo na Avda. de Marín, nº 23-1º esquerda-Cangas, administrador da "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO AGUAMAR", sito en Rúa Carlos Casares, nº 4-O Espírito Santo-Coiro, na que demanda a sinalización de un paso de peóns ó principio da rúa Carlos Casares desde O Espírito Santo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Proceder a sinalización de un paso de peóns ó principio da Rúa Carlos Casares desde O Espírito Santo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

5.D) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE VIAL EN BAIXADA A PRAIA DE MENDUÍÑA-SOCOTELO-CARBALLIÑOS.

Vista a solicitude presentada en data 13.7.13 por BIBIANA PRIETO BERMÚDEZ, con enderezo en Baixada á Praia de Menduíña, nº 40-Aldán, na que demanda a instalación de sinal de prohibido estacionar no Camiño de Socotelo que une a estrada que baixa á Praia de Menduíña co Barrio dos Carballiños.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 17.7.13 pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 1568/13

ASUNTO: SINALIZACIÓN DO VIAL BAIXADA Á PRAIA DE MENDUÍÑA-SOCOTELO-CARBALLIÑOS.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052025 e A052015, por medio do presente, informan:

Que con motivo da instancia presentada por Bibiana Prieto Bermúdez na que solicita sinalización de prohibido estacionar no vial que vai da Baixada á Praia de Mendiúña hacia o Socotelo (Carballiños), por causa da cantidade de vehículos que estacionan a ambos marxes do vial, faise constar:

Que se trata dun vial sen ningún tipo de sinalización nin horizontal nin vertical, é un vial de dobre sentido de circulación e de ancho irregular. Que habitualmente na época estival estacionan vehículos a ambos lados, o que provoca que os/as veciños/as teñan dificultades para saír das súas casas e que a circulación se vexa impedida en ambos sentidos de circulación xa que só pode circular un vehículo nun só sentido.

Que por todo o exposto, non existe inconveniente en que se sinalice vertical e horizontalmente a vía e se prohiba estacionar na marxe dereita, segundo o sentido de circulación Baixada á Praia de Mendiúña- Socotelo-Carballiños."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Proceder a sinalización vertical e horizontal na vía e se prohiba estacionar na marxe dereita, segundo o sentido de circulación Baixada á Praia de Mendiúña- Socotelo-Carballiños.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

5.E) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PRAZAS DE MINUSVÁLIDOS.

Visto o informe emitido en data 9.7.13 pola Policía Local, referente a sinalización de prazas de minusválidos, que di o seguinte:

"Nº REX: 1493/13

ASUNTO: PRAZAS DE MINUSVÁLIDOS.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052007 e A052003, por medio do presente, informan:

Que no día da data, por orde da xefatura procédese a levar a cabo a comprobación de se existe un lugar adecuado para o pintado de unha praza de estacionamento nas zonas próximas ó Bar Asubío, á Churrería e a Correos na Rúa Baiona.

Que con respecto ó do Bar Asubío, podería instalarse xusto enfronte o carón dos conectores. Que en relación ó da Churrería, poderíase pintar unha praza de minusválidos no estacionamento de enfronte facendo esquina. Que en dita zona xa hai dous estacionamentos a menos de 50 metros.

Que o lugar máis adecuado na Rúa Baiona para o pintado de dita praza sería o carón do reservado de Correos.

Achégase reportaxe fotográfica."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Proceder á sinalización de prazas de minusválidos nos lugares que anteriormente estaban xa sinalizados.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

5.F) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN EN PRAIA DE ARNELES.

Dase conta de informe emitido en data 9.7.13, referente a sinalización en Praia de Arneles, que é como segue:

"Nº REX: 1494/13

ASUNTO: SINALIZACIÓN EN PRAIA DE ARNELES.

Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052007 e A052003, por medio do presente, informan:

Que sendo as 18:00 horas do día da data, recíbense varias chamadas comunicando que hai dous vehículos mal estacionados que impiden o acceso ó areal da Praia de Ameles, o carón dos chiringuitos.

Que unha vez presentados no lugar, pódese comprobar que só hai un vehículo estacionado ó carón da entrada de acceso á praia.

Que sería conveniente por parte de quen proceda, sinalizar dita zona, ou pór un pivote en medio do acceso á praia para que non se volva producir dita situación.

Achégase reportaxe fotográfica."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, referente a sinalización en Praia de Arneles.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

6º.- RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 CONDUCTOR PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA E 1 PEÓN FORESTAL PARA O SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL TEMPADA DE VERÁN-2013.

Dase conta de Resolución da Alcaldía de data 16.7.13, referente a aprobación de bases para a selección de 1 conductor para o vehículo motobomba e 1 peón forestal para o Servizo de Brigada Forestal tempada de verán-2013, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que a temporada de verán é polo tanto a de maior risco de incendio, xa está iniciada e dado que o concello subscribiu o 03/06/2013 un convenio de colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar, para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de un vehículo motobomba, en vigor desde o pasado día 01/07/2013, cómpre proceder a adoptar con urxencia as disposicións oportunas para a operatividade dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Tendo os concellos atribuídas competencias en materia de protección do Medio Rural, Protección Civil e a prevención e extinción de incendios, a teor dos artigos 80 da

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 25 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, procede aprobar as bases, que como anexo se achegan, mediante resolución da Alcaldía avogando a competencia delegada na Xunta de Goberno Local pola urxencia mencionada anteriormente, por tal motivo o expediente non conta tampouco cos informes de Secretaría e Intervención por non dar traslado daquel coa antelación suficiente.

En vista do anteriormente exposto e de acordo coas facultades que me outorga a lexislación vixente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de data 16 de xuño do 2011, para aprobar as bases de selección que achegan como anexo á presente resolución.

SEGUNDO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas.

CUARTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local."

ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN DE 1 CONDUCTOR PARA O VEHÍCULO MOTOBOMBA E 1 PEÓN FORESTAL PARA O SERVIZO DE BRIGADA FORESTAL TEMPORADA DE VERÁN-2013.

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN, SISTEMA DE SELECCIÓN E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 1 conductor para vehículo motobomba e 1 peón forestal para a brigada municipal de prevención de incendios forestais.

A contratación será de carácter laboral e temporal, cunha duración de dous meses, en réxime de xornada completa, cun salario bruto mensual, parte proporcional das pagas extras incluída, de 1359,32 euros, para o conductor e de 1239,52 euros, para o peón forestal. A duración do contrato contarase a partir da data da súa sinatura.

Efectuada a selección dos/as aspirantes, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de obra ou servizo para a Brigada Forestal Temporada de Verán-2013.

Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo, e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que si resultase seleccionado, adxudicándose a contratación ao seguinte aspirante en puntuación.

O sistema de selección será o de oposición.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello ata o día anterior ó da realización do primeiro exercicio co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións as bases.

O taboleiro de anuncios da casa do concello será igualmente, o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

SEGUNDA.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

Para ser admitido/a á realización das probas selectivas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser cidadán/a español/a ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.*
- c) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar.*
- d) Estar en posesión do título de Graduado Escolar, FP1 ou equivalente para a praza de condutor e non se require titulación académica para o peón forestal.*
- e) Estar en posesión do carné C para os aspirantes á praza de condutor.*
- f) Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- g) Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.*
- h) Estar incluído/a no listado remitido pola Oficina de Emprego de Cangas (preselección).*

TERCEIRA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e trabailadoras desempregados acordos ó perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes ós que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo.

Os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O concello poderá requirir en calquera momento a comprobación de estar en posesión dos requisitos da convocatoria establecidos na base anterior e excluír do proceso a calquera aspirante que non reúna ditos requisitos.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva do tribunal a efectos da formulación de recusación é a seguinte:

PRESIDENTA: Olga Gómez Corbal

SECRETARIA: Cristina Padín Martínez

Vocal 1º: Fabián Fernández Gómez

*Vocal 2º: Pablo Cordeiro Rodal
Vocal 3º: José Luís Coya Otero
Suplente indistinta: Berta Alonso Soto*

O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestara a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

O tribunal constituirase con media hora de antelación á do inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases.

QUINTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Os aspirantes quedan convocados as 9:30 horas do día 19/07/2013 nas instalacións municipais da Granxa A Rúa, para a realización da proba practica de carácter eliminatoria na que consiste a oposición. A tal hora realizarase un chamamento único aos aspirantes polos membros do tribunal empezando polos aspirantes a praza de conductor e seguindo polos aspirantes a praza de peón contra incendios, para deseguido dar inicio a realización das probas.

A proba práctica a realizar consistirá no seguinte:

** ASPIRANTES A CONDUCTOR: realizarán unha proba práctica que versará sobre o manexo e manobras, nas condicións esixidas polo tribunal do camión motobomba municipal e accesorios do mesmo. A puntuación máxima na proba práctica será de 100 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada a mesma.*

ASPIRANTES A PEÓN FORESTAL: realizarán unha proba práctica que versará sobre as funcións propias dun peón de brigada forestal e manexo das ferramentas e maquinaria propias de tal posto. A puntuación máxima na proba práctica será de 100 puntos sendo necesario obter 50 puntos para entender superada a mesma.

SEXTA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA.

Rematado o proceso de selección o tribunal determinará a cualificación final do proceso. No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase por sorteo entre os aspirantes empatados.

A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará ó órgano de contratación a correspondente proposta de contratación que incluíra os aspirantes propostos para ser contratados e os propostos para integrar o listado de substitucións que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.

O Concello de Cangas procederá á contratación temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria.

SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á administración local convocante, ó tribunal cualificador e os/as aspirantes que participen no proceso.

O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

OITAVA. - NORMA FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán seren impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992, do 26 de novembro."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar a Resolución da Alcaldía de data 16.7.13, referente a aprobación de bases para a selección de 1 conductor para o vehículo motobomba e 1 peón forestal para o Servizo de Brigada Forestal tempada de verán-2013.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS.

7.A) DAR CONTA DE AUTO Nº 84/2013 DICTADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 224/2012.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada dos seguintes datos:

1.- AUTO Nº 84/2013 DE 4.07.2013 DICTADO POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO Nº 224/2012 (X-12/26).

- Reclamante: 'EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A.' (ESYCSA).
- Obxecto: reclamación facturas.
- AUTO: homologa a transacción xudicial acordada entre ESYCSA e o concello, segundo a cal farase fronte á débeda de acordo co seguinte plan de pagos:

MES/ANO	CANTIDADE
Xuño 2013	7.500,00 €
Agosto 2013	7.500,00 €
Setembro 2013	7.500,00 €
Febreiro 2014	7.500,00 €
Marzo 2014	7.500,00 €
Abril 2014	7.500,00 €
Maiο 2014	7.500,00 €
Agosto 2014	7.500,00 €
Setembro 2014	7.500,00 €
Novembro 2014	7.500,00 €
Febreiro 2015	7.500,00 €
Marzo 2015	7.500,00 €
Abril 2015	7.500,00 €
Maiο 2015	2.487,52 €
TOTAL	99.987,52

- O Auto é firme."

7.B) DAR CONTA DE PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE 04/07/2013 PROCEDIMENTO DSP 125/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 17.7.13, referente a dilixencia de ordenación do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento DSP 125/2013, sentenza de 20.6.13, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DE DATA 04/07/2013 DO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO NO PROCEDIMENTO DSP 125/2013, SENTENZA DO 20/06/2013. (X-10/33).

Visto o contido da dilixencia de ordenación de data 04/07/2013 (notificada o 08/07/2013) dictado polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento DSP 125/2013, instruído a instancia de Rut María Gallego Santos, pola que se admite a opción efectuada polo Concello de Cangas de aboamento da indemnización para dar cumprimento a sentenza.

Visto que o fallo da sentenza resolutoria do procedemento DSP 125/2013 de data 20/06/2013, cifra a indemnización que debe aboar o concello en 11.167,49 euros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento da dilixencia de ordenación de data 04/07/2013 dictado polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo no procedemento DSP 125/2013, instruído a instancia de Rut María Gallego Santos.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de 11.167,49 € en concepto de indemnización a favor da interesada.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a dilixencia de ordenación do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, no procedemento DSP 125/2013, sentenza de 20.6.13.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) DAR CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CANGAS, PARA A POSTA EN VALOR DO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DO FACHO EN DONÓN.

Dase conta de convenio de colaboración asinado en data 20.6.13 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castro do Facho en Donón.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Cangas, para a posta en valor do xacemento arqueolóxico do Castro do Facho en Donón.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto con copia do convenio ós departamentos de Subvencións, Intervención e Oficina Técnica Municipal.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e trinta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.